

RESOLUCIÓN REITORAL DE 30 DE DECEMBRO DE 2021 POLA QUE SE PUBLICAN AS BASES PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A CONVOCATORIA DAS PRAZAS CORRESPONDENTES AO 15% RESERVADO PARA PERSOAL INVESTIGADOR NAS OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO (OEP) DA UNIVERSIDADE DE VIGO. CONVOCATORIA 2022

Nos últimos anos, os "Presupostos Generales del Estado" obrigan ás universidades a destinar un mínimo do 15% da taxa de reposición correspondente aos corpos de Catedráticos/as de Universidade, profesorado Titular de Universidade e profesorado Contratado Doutor á incorporación, naquela categoría que estean acreditados, de persoal investigador doutor contratado polo Programa "Ramón y Cajal" e obtiveran o certificado I3. No suposto de que non se utilicen todas as prazas previstas nesta reserva, estas poderanse ofertar a outros investigadores de programas de excelencia, nacionais ou internacionais e que obtiveran o certificado I3.

En base a esta disposición, a Universidade de Vigo fai a correspondente reserva de prazas que deberá convocar nos tres anos seguintes ao da OEP correspondente.

O Consello de Goberno na súa sesión do 30 de novembro de 2021 acorda aprobar as bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de 11 prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas OEP da Universidade de Vigo.

Por todo isto, ESTA REITORÍA RESOLVE,

- 1) Publicar as bases para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de 11 prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador doutor contratado polo Programa "Ramón y Cajal" e obtivera o certificado I3 ou outros programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e dispoñan da certificación I3 (anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Firmado dixitalmente en Vigo

O Reitor

Por delegación (RR 26/05/2020)

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer



ANEXO I - BASES REGULADORAS

1. Obxectivo

A presente convocatoria ten como obxectivo a realización dun proceso selectivo para a selección de áreas de coñecemento nas que se convocarán prazas de profesorado permanente reservadas para a estabilización de persoal investigador. En concreto, convocaranse prazas de profesorado Titular de Universidade nas áreas de coñecemento correspondentes aos candidatos seleccionados segundo o procedemento establecido na presente convocatoria.

2. Número de prazas

Convocaranse **once** prazas de profesorado Titular de Universidade.

3. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido, e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a. Dispoñer da acreditación da ANECA como Profesor/a Titular de Universidade.
- b. Dispoñer da acreditación I3
- c. Ser ou ter sido investigadoras/es posdoutorais dalgún dos programas recoñecidos ou equiparados nas convocatorias I3 e que a data de finalización do mesmo sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2022 (sen considerar as prórrogas consecuencia da pandemia do COVID-19).
- d. Ser ou ter sido durante polo menos dous anos persoal investigador distinguido a tempo completo Universidade de Vigo.
- e. Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.

Non poderán participar aquelas persoas que finalizen voluntariamente a súa relación contractual coa Universidade de Vigo antes da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

4. Avaliación e selección

Delégase na Comisión Académica e Profesorado (COAP) a selección das áreas de coñecemento para a convocatoria, unha vez aplicadas estas Bases entre as persoas que cumpran os requisitos sinalados, e a creación das prazas correspondentes.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas dispoñibles, o procedemento de adxudicación será o seguinte:

- En primeiro lugar adxudicaranse as prazas, na categoría solicitada, ás persoas que estiveran contratadas no programa Ramón y Cajal.
- As prazas restantes adxudicaranse aos solicitantes con acreditación a Profesor/a Titular de Universidade seguindo a prelación marcada pola data de dita acreditación.

Si se producira un empate, este resolverase seguindo os seguintes criterios:

- 1- A corrección da maior infrarrepresentación de xénero dun departamento da Universidade de Vigo.
- 2- En caso de igualdade no criterio anterior, aior antigüidade na Universidade de Vigo.
- 3- En caso de igualdade no criterio anterior, maior idade.

Quen sexa solicitante terá un prazo de 5 días hábiles para formular as súas alegacións, a partir do día seguinte á publicación do acordo provisional.



Resultas as reclamacións ou alegacións, a COAP fará público o acordo definitivo. Este acordo farase efectivo sempre que as persoas seleccionadas soliciten a transformación da súa praza a profesorado Titular Interino, aprobada polo departamento. De non facelo, seleccionariáanse as áreas seguintes que correspondan, unha vez aplicadas estas Bases.

5. Formalización de solicitudes e procedemento

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, e co asunto **“Selección de Áreas – Oferta Pública Empleo”**, sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Formulario de solicitude, cumprimentado segundo o modelo anexo.
- Copia da certificación da acreditación da ANECA como Profesor Titular de Universidade.
- Copia da certificación I3.

A publicación no rexistro xeral da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/2015. Simultaneamente publicaranse na páxina web institucional da Universidade de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes será do 1 ao 17 de decembro de 2021.

